



asociación de
ALTAS capacidades

ASAC

Aptdo. 230 - Santiago de Compostela
Tif: 661952917

<http://www.altacapacidades.org>
presidencia@altacapacidades.org
altacapacidadesgz@gmail.com

Portada

Asociación

Actividades

Máis info.

Taboleiro

Espazo *aberto*

Presentación

ASAC, Asociación de Altas Capacidades de Galicia, é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída por nais e pais de rapazas e rapaces de altas capacidades ou sobredotación intelectual, co concurso técnico da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, que ten como obxectivo a mellora no coñecemento e a atención ós nenos de altas capacidades, proporcionarlles actividades de enriquecemento intelectual, orientar e apoiar a labor da súas familias, influír nas políticas educativas das administracións públicas, e en xeral, todo aquilo que poda redundar no beneficio dos nenos e adolescentes destas características.

Novas destacadas:

>> Aviso do equipo técnico de psicólogas da ASAC para os pais: ver [taboleiro](#)

>> Este sábado 12 de febreiro, ás 12:15, terá lugar na Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago a presentación do libro "Para que la sombra no sea", de Luis Rodríguez Cao. Presentación do acto por parte de ASAC e da profesora Dna. Olga Díaz. Máis info en [actividades](#) e na [nota de prensa](#).

>> Saída a Viana do Castelo (Portugal) os días 8, 9 e 10 de abril de 2011. [Instrucións para anotarse](#).





Portada

ASAC, Asociación de Altas Capacidades de Galicia

Asociación

>> Estatutos da ASAC ([ver .pdf](#))

Actividades

>> Pequena historia da asociación, obxectivos, actividades desenvolvidas, etc:

Máis info.

¿De onde vimos?

AS.A.C é unha Asociación de Altas Capacidades, que foi constituída no ano 1995 coas seguintes finalidades:

1. Facilitar unha educación adecuada ás persoas con altas capacidades.
2. Favorecer unha apropiada formación das nais e pais o mesmo que as educadoras e educadores para unha mellor comprensión e tratamento das persoas de altas capacidades.
3. Potenciar as investigacións en altas capacidades.

AS.A.C grazas á colaboración da Facultade de Psicoloxía, dispón dun lugar no que desempeñar as súas actividades, así coma dunha dirección que sitúa a súa sede social no despacho da Profesora e Directora da Unidade de Investigación e Estudo de Altas Capacidades.

AS.A.C nace sen fins lucrativos, financiándose exclusivamente das cotas das súas socios e socios, tendo coma maior característica a pluralidade entre os seus membros, non estando baixo a tutela nin ou dominio de ningunha interese partidista nin relixiosa.

AS.A.C conqueriu no ano 1997 asinar un convenio de cooperación coa INEF da Coruña de xeito que se puideron desenvolver diversas actividades nas súas instalacións ó longo de dous anos. Algo do que non dispoñemos dende o ano 1999.

¿Quen somos?

AS.A.C está formado por nenas e nenos de altas capacidades que previamente foron diagnosticados por persoal especializado da administración ou por centros especializados, que dende ese intre participan e son destinatarios das actividades que desenvolve a asociación.

Non podemos obviar que este feito fai que sexamos a día de hoxe 454 socias e socios das diversas bisbarras de Galiza. É a realidade é que a maioría das nenas e nenos con altas capacidades, pertencentes ás clases humildes, teñen poucas probabilidades de poder desenvolver o seu potencial cognitivo adecuadamente.

Contamos co Comité Técnicoasí coma con profesionais interesados na temática, principalmente do campo da psicoloxía e do ensino, coma unha equipa de psicólogas para traballar con todas as socias e socios.

¿Que facemos?

Debido a carencia na que está inmersa Galiza en canto a programas de enriquecemento, adaptacións curriculares e outros aspectos que consideramos importantes, entendemos que debemos desempeñar as funcións a nivel nacional que neste intre ninguén amosa. Sempre sen deixar de lado a reivindicación do cumprimento das diversas normativas vixentes; que o goberno da Galiza, teña a ben atender. As actividades que levamos a termo estrutúranse en tres trimestres, coma un curso escolar, desenvolvéndose de xeito quincenal (cada dous sábados) na Facultade de Psicoloxía. Podemos agrupalas en cinco bloques independentes:

Técnico profesional:

1. Publicación da revista "FAÍSCA" de periodizade semestral, na que se tratan temas de investigación e divulgación.
2. Presenza e colaboración en congresos que por mor do tema se veñen realizando noutros puntos da Península (Porto, Algarve, Madrid, Valencia, Zaragoza...) nos que a través de ponencias se presenta o traballo que se está desenvolvendo dende AS.A.C
3. Simposium de Superdotación con asistencia de profesionais e intelectuais a nivel internacional.
4. III Xornadas SINDUR
5. Congreso Internacional de Altas Capacidades en Filandia (setembro 2006)
6. Xornadas sobre Integración Social: Aquí collemos todas e todos, Facultade de Xornalismo, Santiago (outubro de 2006)
7. VI Congreso Internacional de Altas Capacidades en Finlandia (outubro 2006)
8. Xornadas de Altas Capacidades e Superdotación, Fundación Caixa Galicia. Santiago (abril 2007)
Programa de enriquecemento:

O programa de enriquecemento estase a levar a termo grazas ó apoio ca Universidade de Santiago, que nos permite facer uso da Facultade de Psicoloxía para o desenvolvemento das actividades, coma xa mencionamos anteriormente.

As actividades véñense realizando cunha periodicidade quincenal e participan nenas e nenos procedentes de todo o País. Divídense en catro grupos para obter unha maior efectividade no traballo, pero tendo en conta as súas características, pódense mesturar segundo as súas inxedanzas:

1. GRUPO A: de 6 até 9 anos
2. GRUPO B: de 10 até 13 anos
3. GRUPO C: de 10 até 13 anos
4. GRUPO D: máis de 14 anos

Nestas xuntanzas lévanse a termo actividades lúdico-formativas, coma por exemplo: xadrez, lingua de signos, montaxe fotográfica, obradoiros de novas tecnoloxías, obradoiro de creacións, o nacemento de Compostela, xogos populares, teatro, traballar en valores... todas elas dirixidas por monitoras e monitores especialistas na materia e supervisadas por profesionais de psicoloxía, pois forman parte do programa de investigación e atención as nenas e nenos da asociación.

Temos que facer unha mención especial á actividade de novas tecnoloxías, que comezou grazas á Asociación, á Unidade de Investigación e Estudos en Altas Capacidades e á colaboración do Concello de Brión, que puxo o noso dispór as instalacións, os medios... (pódese ver na páx web: www.infrobrion.com) Cabe dicir que as rapazas e rapaces están a confeccionar a nosa propia páxina web, actualizando certos aspectos coma a lingua, que anteriores directivas da Asociación non tiveron en conta, e que vén de ser incluído nos Estatutos da mesma á entrada da nova directiva; a páxina en cuestión é: <http://www.altscapacidades.org/>

Nunca nos esquecemos da cultura e tradicións galegas, polo que sempre promovemos actividades e **visitas ó noso entorno**, para que todas e todos os socios coñezan fondamente o seu País, consideramos isto coma algo imprescindible. Entre estas visitas queremos reseñar algunhas:

1. Serra dos Ancares, traballouse un trimestre para coñecer a súa etnografía, fauna, flora... e logo reflectíronse eses coñecementos in situ.
2. Compostela, Museo Contemporáneo e Museo do Povo Galego
3. Vigo, Museo do Mar, monte de Santa Tecla
4. Ferrol, visitando os Castelos, o Museo Naval, o Barrio da Magdalena, unha visita por toda a Ría, Museo de Historia Natural
5. As Fragas do Eume, Mosteiro de Caaveiro, o de Monfero.
6. San Xoán de Río, onde fixemos actividades coma tiro con arco, iniciación ó golf, xogos tradicionais galegos, iniciación á astronomía, obradoiros de teatro e monicreques... incluíndo a visita á Fraga de Navea
7. Padrón, visitando a casa da máis ilustre escritora do País, Rosalía de Castro

8. Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán

9. Riveira

10. Illa de Arousa

11. Cotorredondo...

Escola de nais e pais:

Aproveitando a presenza das nais e pais que veñen a traer as nenas e nenos, realízanse charlas informativas e formativas sobor dos temas de interese a cargo das especialistas correspondentes: "A presenza das drogas", "Fracaso escolar", "Problemas de conduta", "A nova lei de Ed. Especial"...

Programas de investigación:

O Cómite Técnico, co obxectivo de posibilitar a detención de nenas e nenos de altas capacidades en toda Galiza, desenvolveu dende o mes de marzo do ano 1996 até abril do 1997, un programa de traballo no que se observou ó redor de 13.000 rapaces repartidos entre colexios públicos, privados e concertados, así como no ámbito rural e urbano. Dito traballo foi financiado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, a quen se lle entregaron, por AS.A.C, os resultados definitivos en xuño de 1997.

Este traballo supuxo unha maneira de espallar esta realidade, que en moitos casos, por nova, resulta tamén descoñecida na maior parte dos ámbitos educativos.

Actividades externas:

AS.A.C considera imprescindible o contacto coa sociedade, as entidades e institucións que a representan para deste xeito dar a coñecer as particularidades destas rapazas e rapaces de altas capacidades e obter unha mellor integración na sociedade.

Intentamos ter relacións cos medios de comunicación:

1. Na radio: Radio Voz de Lugo, Radio Galega, Radio-Líder,COPE...

2. Na prensa: Diario de Ferrol, La Voz de Galicia, El Correo Gallego, El Ideal Gallego, Diario de Arousa, Diario Qué...

3. Na rede: culturagalega.org, galicia-hoxe.com, elcorreogallego.es, nas novas de xunta.es...

4. Na televisión: Localia TV Compostela, TVG, TVE 1...

O noso paso pola Facultade de Xornalismo serviu para que o seu alumnado quixera facer documentais, traballos, artigos... obténdose moi bos traballos coma "Raíz cadrada de nove"

Neste curso imos ver un dos nosos soños feitos, estase a traballar nun documental co tema das Altas Capacidades, xa comezouse a traballar nel a finais do curso e neste trimestre rematarase a súa gravación. Verémolo na Televisión Galega.

Despois de todo o que se foi conquirindo dende os principios ata hoxe, é polo que queremos invitarvos a integrareis na Asociación para seguir loitando por unha calidade educativa para as nosas fillas e fillos.



Portada

Asociación

Actividades

Máis info.

Taboleiro

Espazo aberto

Novas sobre actividades

>> Este sábado 12 de febreiro, ás 12:15, terá lugar na Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago a presentación do libro "Para que la sombra no sea", de Luis Rodríguez Cao, responsable da área de Sobredotación Intelectual da Consellería de Educación na provincia de A Coruña. ASAC dá cobertura ao evento e realizará o acto de presentación xunto con Dña. Olga Díaz, profesora da Facultade de Psicología da USC, e cofundadora tamén da asociación (ver [nota de prensa](#))

>> Saída a Viana do Castelo (Portugal) os días 8, 9 e 10 de abril de 2011. [Instrucións para anotarse.](#)

>> O grupo dos maiores (G) o próximo sábado 15 de xaneiro terán unha visita á Cidade da Cultura. Hai que levalos, e podémolos acompañar os pais na vista. Haberá que estar alí ás 11:50, así que ás 11:30 sairán da primeira actividade para achegalos ao Gaiás.

>> O día 15 de xaneiro atenderase aos pais novos que desexen informarse ou facerse socios, deben acudir sen os nenos, pero con copia do seu diagnóstico.

>> Actividades de enriquecemento para o trimestre xaneiro-marzo de 2011

-DATAS:

Xaneiro: 15 e 29
Febreiro: 12 e 26
Marzo: 12 e 26

-GRUPOS E ACTIVIDADES:

Atención precoz: 12:00 a 13:30 "Aprendendo a aprender"

Grupo A: 10:30 a 12:00 Creando sons // 12:00 a 13:30 Historias e personaxes

Grupo B: 10:30 a 12:00 Historias e personaxes // 12:00 a 13:30 Historias de animais

Grupo C: 10:30 a 12:00 Debuxa o teu cómic // 12:00 a 13:30 Creando sons

Grupo D: 10:30 a 13:30 A onde viaxamos hoxe? // 12:00 a 13:30 Eu son eco-lóxico

Grupo E: 10:30 a 12:00. Historias de animais // 12:00 a 13:30: Debuxa o teu cómic

Grupo F: 10:30 a 12:00 Novas tecnoloxías // 12:00 a 13:30 Eu son/Eu quero ser

Grupo G: 10:30 a 12:00 Eu son/Eu quero ser // 12:00 a 13:30 Novas tecnoloxías

ESCOLA DE PAIS: 15 de xaneiro, 26 de febreiro e 26 de marzo.

>> **Avisos urxentes:**

-A a actividade do CGAC deste sábado 22 de outubro realizarase na Facultade de

Psicoloxía, con horario de 10:30 a 13:30 h.

-As actividades do 6 de novembro pasarán para o día 13 de novembro.

>> Aviso: este sábado 16, ás 13h. estrea das curtamentaxes do taller "Desde a miña fiestra" aberta aos pais dos nenos participantes no taller.

>> Comezo curso 2010-2011:

-Presentación das actividades e sesión informativa para os pais novos: sesión unicamente para pais, o día 2 de outubro ás 12h. na Facultade de Psicoloxía de Santiago. NOTA: os pais novos deben traer copia do informe de diagnóstico.

-Actividades de enriquecemento para o trimestre setembro-décembro 2010:

DATAS:

- Outubro, días 16 e 23
- Novembro, días 13 e 20
- Decembro, días 11 e 18

GRUPOS / ACTIVIDADES:

Grupo Atención Precoz: nenos de 3, 4 e 5 anos

12:00 a 13:30 "Atención precoz"

Grupo A: 1º de primaria

10:30 a 12:00 "Creando sons"

12:00 a 13:30 "Historias e personaxes"

Grupo B: 2º de primaria

10:30 a 12:00 "Debuxo o meu cómic"

12:00 a 13:30 "Creando sons"

Grupo C: 3º e 4º de primaria

10:30 a 12:00 "Historias e personaxes"

12:00 a 13:30 "Debuxo o meu cómic"

Grupo D: 5 e 6º de primaria

10:30 a 12:00 "Habilidades sociais"

12:00 a 13:30 "Novas tecnoloxías"

Grupo E: 1º e 2º da ESO

"Publicación" no CEGAC

(Lugar: Centro Galego de Arte Contemporánea, horario de 11 a 14 h.)

Grupo F: 3º e 4º da ESO e Bacharelato

10:30 a 12:00 "Novas tecnoloxías"

12:00 a 13:30 "Habilidades sociais"

>> [Instrucións viaxe a Cantabria](#) dos días 18-20 de xuño.

>> O8 de maio ás 11 h. haberá un taller para nenas/os e pais o grupo de precoces. [Neste .pdf a información](#) que manda o monitor.

>> Saída de fin de curso a Cantabria, días 18, 19 e 20 de xuño. Visitas a [Cabárceno](#) e covas de [El Soplao](#), e estancia no [albergue "Max"](#). Prezos: pensión completa 60 €; autobús (para quen non vaia pola súa conta) pendente contratar. Último día para anotarse: sábado 24 de abril.

>> [Convocatoria e bases](#) do PREMIO ALTA CAPACIDADE GALEGA 2010. Ver tamén [información da edición de 2009](#).

>> Datas para o trimestre abril-xuño 2010 das actividades de enriquecemento en Santiago:

DATAS:

- 10 e 24 de abril
- 8 e 22 de maio
- 5 e 19 de xuño

GRUPOS / ACTIVIDADES:

- A: Cómic / teatro
 - B: Taller arte rupestre
 - C: Teatro / Informática
 - D: Informática / Cómic
- (A maiores hai un grupo xa formado que irán ao CGAC)

>> Información sobre campamentos de inglés para este verán (proporcionada por "El Kirico" e "AEST"). Ver [documento en .pdf](#).

>> Información sobre BECAS E AXUDAS para cursos de inglés:

No BOE número 51 do 27 de febreiro de 2010 publícanse as Ordes do Ministerio de Educación do 15 de febreiro de 2010 polas que se convocan axudas para cursos de lingua inglesa durante o verán do 2010. Son a orde [EDU/426/2010](#), destinada a alumnado de entre 16 e 30 anos, a Orde [EDU/422/2010](#), para alumnado de estudos universitarios e de ensinanzas artísticas superiores, e a [Orde EDU/425/2010](#), destinada a mestres e estudantes das ensinanzas conducentes á obtención do título de Mestre.

>> Datas para o trimestre que ven (primeiro de 2010, segundo deste curso) das actividades de enriquecemento en Santiago:

DATAS:

- 16 e 30 de xaneiro
- 13 e 27 de febreiro
- 6 e 20 de marzo

GRUPOS / ACTIVIDADES:

- B: Cómic / Hist. Natural
- C: Astronomía / Informática
- D: Informática / Astronomía

Escola de pais:

- **Cambio:** do 30 de xaneiro inicialmente anunciado pasa ao 13 de febreiro.
- 27 febreiro
- 20 marzo

>> A Actividade de visita ao "[Museo do Mar de Galicia](#)" en Vigo, realizarase finalmente o 30 de xaneiro ás 17 horas. Os adultos pagan 1,50 € e para os nenos é gratis. Elaces a [mapa zona e accesos](#) e [a detalle de situación](#).

>>>>> [Actividades anos anteriores](#)



Portada

Asociación

Actividades

Máis info.

Taboleiro

Espazo aberto

Información sobre altas capacidades e sobredotación intelectual

>> Documento informativo propio "ALTAS CAPACIDADES, SOBREDOTACIÓN ou SUPERDOTACIÓN" ([ver .pdf](#))

-Legislación e normativa de interese:

>> (en obras)

-Web dos [Equipos de Orientación Específicos](#) da Consellería de Educación da Xunta de Galicia (contén información sobre a rede de equipos de orientación, modelo de solicitude de intervención, lexislación e normativa educativa, unha [publicación](#) sobre altas capacidades, bibliografía...)

-Noticias e informacións en prensa:

>> Artigo en "[La Opinión](#) (13/07/08)"

>> Artigo en "[La Voz de Galicia](#) (19/04/09)"

-Webs doutras asociacións relacionadas coas altas capacidades:

>> [ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE SUPERDOTACIÓN Y ALTAS CAPACIDADES](#)

>> [MENSA](#), organización [internacional](#) de superdotados que agrupa a 100.000 socios nos cinco continentes

>> [Banco de Recursos de Altas Capacidades](#)

>> [Asociación Española para Superdotados y con Talento](#)

>> Plataforma para la defensa de los derechos de los superdotados: [PLATAFORMA PLADES](#)

>> "Sin límites" [Asociación Aragonesa de Altas Capacidades](#)

>> [A P A D A C, ASOCIACIÓN DE PADRES DE ALUMNOS DE ALTAS CAPACIDADES DE ASTURIAS](#)

-Webs con Información sobre altas capacidades:

>> "[LA CIENCIA Y LOS NIÑ@S DE ALTAS CAPACIDADES](#)" artigo na Revista do Instituto de Física Corpuscular Ciencia júnior

>> Informe sobre el estado y situación del sistema educativo 2004-2005 (MEC) apartado "[La atención educativa al alumnado con altas capacidades intelectuales](#)"

-Bibliografía:

>> [Bibliografía na web da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE SUPERDOTACIÓN](#)

>> "[Orientacións e respostas educativas: alumnado con sobredotación intelectual](#)" Libro dixital editado pola Consellería de Educación con información básica sobre identificación e valoración, respostas educativas, recursos...



asociación de
ALTAS capacidades

ASAC
Aptdo. 230 - Santiago de Compostela
Tif: 661952917

<http://www.altscapacidades.org>
presidencia@altscapacidades.org
altscapacidadesgz@gmail.com

Portada

Novas da ASAC e taboleiro de anuncios e comunicacións dos seus socios

Asociación

>> Aviso do equipo técnico de psicólogas da ASAC para os pais:
"ATENCIÓN: Los padres que no asistieron a la reunión con el equipo técnico de ASAC el pasado día 26 de febrero, han de cubrir los siguientes cuestionarios y remitirlos (escaneados) por correo electrónico o entregarlos (en persona) el próximo día 12 de marzo. Es de suma importancia vuestra colaboración con el equipo técnico de ASAC."
Cuestinoarios: "[perspectiva de las familias](#)", "[escuela de padres](#)".

Actividades

Máis info.

>>Convocadas axudas do Ministerio de Educación para Alumnado con Necesidades Educativas Especiais. O remate prazo é o 30 de xuño. Ver enlace [convocatoria en BOE de 5 de xuño de 2010](#).

Taboleiro

Quen necesite certificación da ASAC debe pasar o sábado 26 de xuño ás 10 da mañá pola cafetería do Monte da Condesa en Santiago, traendo toda a documentación necesaria e o Anexo do BOE impreso e cuberto.

Espazo aberto

>> O martes 17 de marzo, ás 23:05, "La 2" de TVE emite en DOCUMENTOS TV unha reportaxe sobre superdotados titulada "Superdotados, al este de la campana de Gauss". Este é o [enlace ó avance](#).



asociación de
ALTAS capacidades

ASAC
Aptdo. 230 - Santiago de Compostela
Tlf: 661952917

<http://www.altascapacidades.org>
presidencia@altascapacidades.org
altascapacidadesgz@gmail.com

Portada

Asociación

Actividades

Máis info.

Taboleiro

Espazo *aberto*

Espazos de expresión ou difusión dos traballos dos rapaces e rapazas de ASAC

>> Un grupo de rapaces de ASAC vai participar cos seus traballos no festival "*Curtopia. Proxectos Educativos. Aplicacións audiovisuais nas aulas*".

Data: Sábado 20 de Novembro

Hora: 18.00 horas

Lugar: Centro Cívico de Teis. Camino Maceiras s/n, 36207 Vigo.

[-Mapa da ubicación e forma de acceso](#) desda a autoestrada.

[-Información na web do festival.](#)

>> Tres gravacións da *CaseQueCrew* da ASAC: [Achuchump](#), [Beatzurullomp](#), e [Jhonnyp](#).